

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de abril de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 9671 (11/POC-001803)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre as especificidades que recolle a postura común acadada polos gobernos de Asturias, Cantabria, Galicia e País Vasco cara á negociación da política agraria común para o período 2021-2027, así como a postura que defende e demanda a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 11.02.2021
- 1.2 9877 (11/POC-001844)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as medidas tomadas pola Consellaría do Medio Rural tendentes á erradicación e control da praga da couza guatemalteca da pataca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 11.02.2021
- 1.3 12867 (11/POC-002178)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre o novo selo de calidade e distintivo Artesanía Alimentaria de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 25.03.2021
- 1.4 13255 (11/POC-002209)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o nomeamento do exalcalde de Fisterra como asesor na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 119, do 05.04.2021

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 11979 (11/PNC-001216)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021

2.2

12519 (11/PNC-001278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da muller no rural

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidente	
Rubén Lorenzo Gómez	P
Secretario	
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG

Vogais

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
María González Albert	BNG
María Felisa Rodríguez Carrera	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Martín Seco García	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 9671(11/POC-001803)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as especificidades que recolle a postura común acadada polos gobernos de Asturias, Cantabria, Galicia e País Vasco cara á negociación da política agraria común para o período 2021-2027, así como a postura que defende e demanda a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 92, 11.02.2021

A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Daniel Vega Pérez e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O futuro da Política Agraria Común é fundamental para Galicia, o financiamento europeo é o principal apoio para as nosas explotacións, supoñendo no período 2014-2020 un total de axudas directas de máis de 170 millóns de euros anuais e 889 millóns de euros no apoio ao desenvolvemento rural.

Nesta fase final do proceso de elaboración da PAC 2023-2027, os Gobernos de Asturias, Cantabria, Galicia e País Vasco veñen de firmar a postura común de colaboración institucional. Por un lado, manteñen o apoio ao Goberno de España nas negociacións a nivel europeo, co fin de alcanzar os mellores resultados tanto no contido dos regulamentos da futura PAC como na dotación de fondos, e por outro lado, tratan de contribuír dunha forma construtiva ao proceso de elaboración do Plan Estratéxico da PAC de España, tanto na fase de análise e diagnóstico como na definición inicial das intervencións.

Consideramos fundamental que o Goberno central teña en consideración as peculiaridades da nosa terra na aplicación da futura PAC, tendo en conta a orientación mediterránea que ven amosando o Ministerio de Agricultura fronte á cal mostramos a nosa preocupación. O Partido Popular comparte a postura das comunidades autónomas da cornixa cantábrica, tendo en conta que as catro comparten as especificidades características da “España húmida”.

Consideramos imprescindible que o Plan estratéxico nacional da PAC recoñeza o modelo de explotación familiar agraria sustentable do norte de España, e propia de Galicia, e nestes momentos de dificultades entendemos prioritario defender os intereses dos nosos agricultores, gandeiros e silvicultores.

Galicia conta cunha orientación produtiva marcadamente gandeira, cara a sectores coma o lácteo ou o cárnico, en definitiva cómpre que o Plan Estratéxico da futura PAC apoie e recoñeza ese modelo de explotación familiar agraria sustentable tan presente na nosa Comunidade.

No próximo período, a Unión Europea promove que os Estados Membros elaboren os seus plans estratéxicos de cara á implementación das medidas necesarias para acadar os seus obxectivos.



Dende o PPdeG defendemos a necesidade de que España faga valer a súa consideración de potencia agroalimentaria no conxunto da Unión Europea, pero tamén defendemos a necesidade de que na negociación interna se teñan en conta as peculiaridades do territorio galego.

A Xunta de Galicia, en colaboración coa USC, traballa no Plan Estratéxico de Galicia para a PAC 2021-2027, apoiando as medidas desenvolvidas nos períodos anteriores e promovendo novas medidas que dean resposta ás necesidades específicas do agro galego.

Ante ese escenario, dende o PPdeG cremos na necesidade dunha PAC forte e ben dotada orzamentariamente, respectando esa lealdade ao Goberno central, se ben demandando que se teñan en conta as peculiaridades da nosa terra, o noso agro e insistindo na necesidade de incrementar os fondos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

- 1.- Que especificidades recolle a postura común alcanzada entre as catro comunidades da cornixa cantábrica de cara á negociación da PAC para o período 2021-2027?
- 2.- Que postura mantén e demanda a Xunta de Galicia ao Goberno central na negociación da Política Agrícola Común para o período 2021-2027?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 16:52:29
Nº Rexistro: 9671
Data envío: 02/02/2021 16:52:29.564

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 02/02/2021 16:42:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2021 16:42:52

Raquel Arias Rodríguez na data 02/02/2021 16:43:03

José Antonio Armada Pérez na data 02/02/2021 16:43:17

Ramón Carballo Páez na data 02/02/2021 16:43:34

Daniel Vega Pérez na data 02/02/2021 16:43:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2021 16:44:08



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 9877(11/POC-001844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellaría do Medio Rural tendentes á erradicación e control da praga da couza guatemalteca da patata

Publicación da iniciativa, 92, 11.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 10:34:01
Nº Rexistro: 9877
Data envío: 04/02/2021 10:34:01.195

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a praga da couza guatemalteca da pataca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente publicouse unha resolución da Consellaría do Medio Rural na que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control da couza guatemalteca da pataca.

Na dita resolución volve considerarse zona infestada, canda outros, a totalidade da superficie do Concello de San Sadurniño. Igualmente, considéranse infestadas 2 parroquias do Concello de Arteixo, unha do da Laracha, e parte dunha parroquia de Carballo.

Concordamos coa Xunta de Galiza na necesidade urxente de atallar a praga, debido aos importantes danos que podería causar no noso agro. Ora ben, non chegamos a entender a metodoloxía de xestión territorial das medidas preventivas destinadas á súa erradicación. Por unha banda, as prohibicións afectan a concellos completos, no extremo norte das provincias de Coruña e Lugo, e pola outra, as limitacións só afectan a parroquias, ou partes de parroquias, na zona da Costa da Morte.

Consideramos que isto pode estar xerando discriminacións, que de se confirmaren, serían totalmente inaceptables. Igualmente, a información que se está a

CSM-REXISTROXERAL-1pdkXm9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 10:34:01
Nº Registro: 9877
Data envío: 04/02/2021 10:34:01.195

ofrecer á cidadanía, e nomeadamente aos concellos, que tamén son Administracións públicas, é mínima, xerando un ambiente de “secretismo”, que non está a axudar na xestión da praga.

Ante esta situación, e debido a que as medidas preventivas están a causar serios contratemplos en moitas persoas, cremos que o acaído sería dar información sobre a evolución da praga, restrinxir as prohibicións a aquelas parroquias nas que se detecte a couza, e que haxa un control exhaustivo das medidas por parte dos medios propios da Consellaría.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Por que non se achega aos concellos afectados pola couza guatemalteca información actualizada da evolución da praga determinando os puntos onde se capturaron exemplares da couza, e a data da súa captura ?

. Por que as medidas que se adoptan para a erradicación non son uniformes para todo o territorio afectado, e por que non se fan as limitacións por parroquia en vez de por termo municipal ?

. Por que os concellos afectados non teñen coñecemento do plan de seguimento e control?

. Cal é a razón pola que non se lles informa do número de expedientes abertos, e de cantas sancións se executaron en relación á praga da couza guatemalteca?

CSV: REXISTROKaur.p8Xxmb
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 10:34:01
Nº Registro: 9877
Data envío: 04/02/2021 10:34:01.195

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/02/2021 10:28:24

María González Albert na data 04/02/2021 10:28:29

María del Carmen Aira Díaz na data 04/02/2021 10:28:35

CSV: FEXYSTFROKaur.p8Xxmb
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 12867(11/POC-002178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre o novo selo de calidade e distintivo Artesanía
Alimentaria de Galicia

Publicación da iniciativa, 116, 25.03.2021

A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Daniel Vega Pérez e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A excelencia e singularidade dos produtos alimentarios de Galicia provén, en gran parte, pola gran tradición que envolve todo o proceso de produción dos mesmos. Por iso, é un feito a necesidade de promover e protexer as producións e elaboracións tradicionais artesás de alimentos de alta calidade que contribúen á conservación da cultura alimentaria galega.

Neste senso, a Xunta de Galicia presentaba no pasado mes de outubro, o novo selo de calidade da “Artesanía Alimentaria de Galicia”, un distintivo único que porá en valor os produtos do agro e do mar feitos de xeito tradicional. Un selo que, ademais, se encadra e rexe polo Decreto homónimo, norma necesaria e útil de cara a regular o traballo de tantas artesás e artesáns, así como garantir a excepcionalidade dos produtos respecto aos seus consumidores.

Este marco vén a delimitar a actividade artesanal e definir con claridade o que se entende por “artesán” cando se fala de produtos alimentarios, impulsando os valores económicos, culturais e sociais que a artesanía representa para Galicia, e dentro deles o valor engadido que aporta a calidade, neste caso vinculada á marca “Galicia Calidade”.

Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia amosamos o firme compromiso coa totalidade da cadea de produción e elaboración dos produtos artesáns da nosa Comunidade.

É preciso prestar un apoio decidido e activo ao produtor pequeno e artesanal, que supoña unha aposta pola revitalización da actividade económica do noso rural, porque deste xeito é posible xerar riqueza e emprego, frear o despoboamento e promocionar produtos dunha excelente calidade.

Porque, sen dúbida, a artesanía é unha actividade esencial na descrición da nosa idiosincrasia como galegos, e representa valores culturais e sociais fundamentais na preservación e estímulo de empresas, moitas delas familiares, que levan elaborando os seus produtos a través da tradición, de xeración en xeración, con todo o amor, de forma enxebre e senlleira, acadando un valor engadido que aporta a ineludible calidade pola que todos recoñecemos aos produtos alimentarios de Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 13:16:59
Nº Registro: 12867
Data envío: 16/03/2021 13:16:59.220

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o verdadeiro alcance do novo selo e distintivo “Artesanía Alimentaria de Galicia” para o pequeno produtor artesán?
- 2.- Que previsión ten a Consellería do Medio Rural para que haxa produto etiquetado no mercado?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSX4REXUSTROP7RLKZ0U3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 13:16:59
Nº Rexistro: 12867
Data envío: 16/03/2021 13:16:59.220

María Elena Candia López na data 16/03/2021 11:56:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/03/2021 11:57:08

Raquel Arias Rodríguez na data 16/03/2021 11:57:17

José Antonio Armada Pérez na data 16/03/2021 11:57:32

Ramón Carballo Páez na data 16/03/2021 11:57:48

Daniel Vega Pérez na data 16/03/2021 11:58:04

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/03/2021 11:58:20



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 13255(11/POC-002209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o nomeamento do exalcalde de Fisterra como asesor na
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Publicación da iniciativa, 119, 05.04.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 18/03/2021 16:31:16.135

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Despois de que a Consellería do Medio Rural colócase como persoal directivo na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ao máximo dirixente do PP no Barco de Valdeorras, nun caso de nepotismo denunciado polo noso grupo parlamentario e ante o que presentamos iniciativas para que se paralizase o dito nomeamento, sen éxito polo voto en contra do PPdeG, que utiliza a Consellería do Medio Rural, para colocar aos seus compañeiros, cuxo único mérito e criterio de idoneidade era ser un antigo parlamentario do Partido Popular.

Estes días, o CSIF desvelou unha información que puidemos contrastar na propia listaxe telefónica da axencia Agader, un novo nomeamento na dita axencia dun compañeiro do PPdeG do Conselleiro González Vázquez, neste caso era o voceiro do PP en Fisterra e ex-alcalde nesta localidade dende o 2002 ao 2015, José Manuel Traba.

Esta vez a colocación faise utilizando a figura de asesor, algo que podería ter sentido noutros lugares da consellaría, pero no caso dun ente instrumental como a Agader, vulnera a Lei do emprego público de Galicia como denuncia o sindicato CSIF, xa que esta recoñece a figura do persoal eventual ou asesor, regulando o seu nomeamento no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma: “No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o persoal eventual só pode ser nomeado polas persoas integrantes do Consello da Xunta para realizar labores de asesoramento especial ou apoio ás mesmas en desenvolvemento do seu labor político, en cumprimento dos seus labores de carácter parlamentario e nas súas relacións coas institucións públicas, os medios de comunicación e as organizacións administrativas, así como actividades protocolarias.” pero limita as funcións deste persoal eventual ou asesores, establecendo que: “O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.” e prohibe que poida existir persoal eventual ou asesores nas entidades instrumentais, como é Agader: “As entidades públicas instrumentais do sector público autonómico non poden nomear persoal eventual.”

CSM-REXISTROOKI5I0R7P2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 18/03/2021 16:31:16.135

O ex-alcalde popular de Fisterra, está situado fisicamente na área económica-financeira, na que todos os procedementos que se levan a cabo, así como a actividade administrativa que se desenvolve, corresponden a funcións propias de empregados públicos, unhas funcións que, en ningún caso, poidan ser desempeñadas por asesores ou persoal eventual.

Somos descoñecedores do salario do dito asesor, aínda que debería ser público polas leis autonómicas, tanto a de emprego público de Galicia como a de transparencia e bo goberno, que establecen a obrigatoriedade de dar publicidade ás retribucións de todos os asesores, pero a Consellería do Medio Rural só fai públicos os salarios do xefe de gabinete e da xefa de prensa, ocultando o salario dos restantes 6 asesores e, entre eles, o do ex alcalde de Fisterra. O único que é público é que a Consellería do Medio Rural destina ao ano 276.162 € para o salario dos seus asesores. O perfil do ex alcalde popular no concello de Fisterra. José Manuel Traba Fernández do que sabemos que é biólogo, cunha experiencia profesional coñecida, á marxe da política, no ámbito da docencia, impartindo cursos na confraría de Fisterra, e como docente nun colexio privado da mesma localidade. A súa xestión á fronte da alcaldía de Fisterra destacou polas innumerables denuncias formuladas contra el pola Xunta de Galicia, por unha extensa lista de aberrantes ilegalidades urbanísticas, algunhas delas con sentenzas de derribo de vivendas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a súa imputación en operacións como a Orquestra, na que a fiscalía acordou sobreeser e solicitar o arquivo da causa aberta contra o exalcalde, xa que non apreciaron indicios suficientes para destruír a presunción de inocencia que amparaba aos investigados. A este respecto, o fiscal recalcaba no auto xudicial que as conversacións telefónicas solicitadas non permitían dar forza á conxectura de que cantidades de diñeiro fosen destinadas ao alcalde ou a algún membro da corporación de Fisterra a cambio da adxudicación dalgunha obra. Das análises, engadía, unicamente permitían constatar irregularidades na documentación que poderán ser constitutivas de ilegalidades administrativas que quedarían fóra do ámbito penal.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o conselleiro da imposibilidade legal de nomear asesores nas axencias como o Agader, ao ser un ente instrumental da Administración pública?

2ª) Que funcións está a desempeñar o exalcalde de Fisterra, Jose Manuel Traba, na Consellería do Medio Rural?

CSX4 REXISTROOKH5LOR7PZ
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Registro: 13255
Data envío: 18/03/2021 16:31:16.135

3ª) Cal é o salario de José Manuel Traba como persoal eventual da dita consellaría?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/03/2021 16:13:11

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2021 16:13:26

CSX, REGISTROK15J0R7p2
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 11979(11/PNC-001216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

No municipio de Cartelle, 28 anos despois de iniciarse a concentración parcelaria máis de mil propietarios continúan sen recibir os seus títulos de propiedade.

A concentración parcelaria referida a parroquia de Cartelle iniciouse concretamente no ano 1993 e finalizou entre 2006 e 2007.

No seu momento foron 1.200 os veciños e veciñas que destinaron as súas fincas a esta concentración parcelaria buscando sacar produtividade destas terras, pero o proxecto quedou completamente abandonado pola Xunta de Galicia.

Unha problemática que se arrastra durante as últimas dúas décadas á que a Consellería do Medio Rural debe dar solución inmediata, e que provoca graves problemas aos propietarios, por non dispor dunha escritura que certifique a titularidade dos terreos, obrigando aos veciños e veciñas a que teñan que se desprazar ata as oficinas agrarias en busca dunha certificación, cada vez que precisan solucionar algún problema relativo coas súas parcelas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solucione, de forma urxente, a problemática que sofren os veciños e veciñas do municipio de Cartelle na provincia de Ourense, que a pesar de finalizar a concentración parcelaria entre o ano 2006 e 2007, aínda non dispón dos títulos de propiedade.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSM-REXISTRO019b04-n9186
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 11:44:25
Nº Rexistro: 11979
Data envío: 02/03/2021 11:44:25.529

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/03/2021 19:23:23

Martín Seco García na data 01/03/2021 19:23:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 19:23:52

CSV, REGISTRO: rbn-rns-pb6
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 12519(11/PNC-001278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da muller no rural

Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:56
Nº Rexistro: 12519
Data envío: 11/03/2021 10:16:56.505

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a situación da muller no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da muller no rural galego mudou ao longo dos anos quedando aínda moitísimo para que haxa garantía de que poida vivir en igualdade.

Con motivo do 8 de marzo saen á luz un sen número de datos e todos subliñan que a muller en xeral cobra menos por facer os mesmos traballos, a falta de corresponsabilidade nos coidados incrementa a xornada laboral non asalariada para a muller... sendo isto un mal que tarda en demasía en resolverse.

No rural agrándanse as dificultades, a dobre xornada convértese en tripla porque o traballo soe estar no mesmo lugar que a casa, a posibilidade para conciliar límitase por ausencia de servizos básicos no rural o que limita as posibilidades de que unha muller se quede ou incorpore ao tecido produtivo rural.

Tristemente hai unha ausencia crónica de políticas públicas que fomenten unha vertebración do rural, e que permitan que a vida da súa xente se desenvolva dun xeito digno, nomeadamente para as mulleres, que é o tema que nos ocupa.

CSM-REXISTRO08WV0Zmm9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:56
Nº Rexistro: 12519
Data envío: 11/03/2021 10:16:56.505

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar un estudo en profundidade sobre a situación de desigualdade que atinxe as mulleres nos espazos rurais no ámbito laboral, no económico e no acceso aos servizos públicos. Este estudo deberá servir de punto de partida para a elaboración dun Plan de igualdade específico para o medio rural debidamente orzado que inclúa, entre outras medidas: accións formativas, dotación de servizos que favorezan a conciliación, campañas a prol da corresponsabilidade, facilitación (fomento) do acceso das mulleres aos órganos de toma de decisións, como os consellos de administración das cooperativas ou das industrias agroalimentarias.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSX4_RFX5TFR08WVqZmm9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:56
Nº Registro: 12519
Data envío: 11/03/2021 10:16:56.505

María del Carmen Aira Díaz na data 11/03/2021 09:36:55

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 09:37:10

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2021 09:37:16

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2021 09:37:24

CSV XERAR
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

